

OBRADOIRO “IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN” [En colaboración coa Rede Eusumo e a Universidade de Vigo]

| | | | |
|---------------------------|---|-----------------|--|
| DATAS REALIZACIÓN | Do 29 de marzo ao 1 de abril de 2022 | DURACIÓN | 20 horas |
| HORARIO | De 9:00 a 14:00 horas | | |
| LUGAR CELEBRACIÓN: | Escola Universitaria de Estudos Empresariais, Rúa do Conde de Torrecedeira, 105, 36208 Vigo, Pontevedra | | |
| PERSOA DE CONTACTO | Patane García Méndez | teléfono | 697 877 773 |
| | | e-mail | patane@espazo.coop |

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

PROGRAMA E CONTIDOS

Programa

- Tema 1 Identifica o teu proxecto cooperativo (CANVAS)
- Tema 2 Analiza as áreas comercial e de mercado.
- Tema 3 Estudia a viabilidade económica e financeira
- Tema 4 Planifica a área organizativa e os trámites de constitución (CONSOLIDA_ES)

Contidos

- Tema 1.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. Prototipa a túa idea de negocio, valora as persoas do equipo, cal é a vosa proposta de valor?
- Tema 2.- Madura a túa idea, deseña e analiza as áreas comercial e de mercado: competencia, intercooperación.
- Tema 3.- Analiza a área económico-financiera: fai viable o teu proxecto. Investimentos e financiamento, contas de resultados e tesourería provisional, análise de sensibilidade.
- Tema 4.- Planifica a organización do teu proxecto cooperativo: os estatutos, organigrama e regulamento de réxime interno. Pasos para a constitución da cooperativa.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Dirixido a persoas emprendedoras, persoas ocupadas ou en situación de desemprego, persoas cunha idea de negocio, persoas que forman parte dun grupo promotor de autoemprego colectivo. Darase prioridade no acceso ás mulleres e as persoas que se atopan en situación de risco de exclusión social.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2022 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social – POISES- convocado por CEPES e financiado polo Fondo Social Europeo (FSE).